

Día da Ciencia en Galicia 2022



Juan Rof Codina

Unha referencia na agricultura e gandería galegas do século xx

Edición a cargo de Antonio Rigueiro Rodríguez

Editan: © Real Academia Galega de Ciencias, 2022

© Consello da Cultura Galega, 2022

Produce: GCiencia

Deseño: Araceli Jáuregui. A Estudio Gráfico

Imaxes: Familia Rof Codina; Fondo Rof Codina, Biblioteca Intercentros do campus de Lugo (USC); familia Cruz Gallástegui; ACRUGA e Luciano Sánchez

Depósito legal: C 1518-2022

DOI: 10.17075.jrcragg.2022



Juan Rof Codina


Unha referencia na agricultura e gandaría galegas do século xx





Índice

Juan Rof Codina. A ciencia ao servizo da sociedade Juan Manuel Lema Rodicio	7
Rof Codina: ciencia e progreso Rosario Álvarez	9
Limiar Antonio Rigueiro Rodríguez	13
Juan Rof Codina, referente na mellora agropecuaria galega Diego Conde Gómez	19
Evolución da profesión veterinaria José Luis Factor Rodríguez	37
A evolución dos estudos de veterinaria en Galicia Alberto Manuel Portela Vázquez	47
Rof Codina e a raza bovina rubia galega Laura Arias	61



Juan Rof Codina. A ciencia ao servizo da sociedade

Este ano a Real Academia Galega de Ciencias decidiu salientar a figura de Juan Rof Codina, un «catalán de Lugo», como el mesmo se definiu, que chegou a Galicia coa ilusión de transformar en profundidade a veterinaria e particularmente a gandaría, un sector moi relevante na sociedade galega.

O seu traballo, analizado nas súas diferentes facetas nesta publicación, tivo, sen dúbida, unha repercusión formidable. Hai que ter en conta que no mundo rural galego a produción de carne e, posteriormente, de leite é un elemento económico esencial pero tamén con repercusións medioambientais, paisaxísticas e demográficas definitivas.

Aplicando metodoloxía e conceptos científicos consegue cambiar radicalmente a visión do labrego en canto a sanidade e produtividade incorporando novos paradigmas. Os resultados foron espectaculares e modificáronse radicalmente crenzas atávicas en evidencias reais que teñen solucións racionais.

O labor de Rof Codina non se limita a Lugo, nin tan sequera a Galicia. A súa visión avanzada permite modernizar os procedementos veterinarios en España e, por que non, darlle á veterinaria o recoñecemento e prestixio social que debería ter dende sempre.

Pero o que aínda resulta máis importante é que consegue ir modificando paseniñamente a mentalidade dos gandeiros, nun traballo permanente, no que incorpora elementos tales como

o asociacionismo, entendido como un mecanismo que permite desenvolver iniciativas de mellora da comunidade e, por tanto, dos propios individuos.

Porque esta é unha das moi boas recompensas para os científicos que, ademais de procurar explicacións racionais a fenómenos naturais, buscan aplicar o coñecemento adquirido. E, sen dúbida, Rof Codina é un magnífico exemplo: coñecemento científico e aplicación ao servizo da sociedade. O seu labor de investigación sobre razas autóctonas, ata o momento esquecidas e probablemente infravaloradas, permite a súa posta en valor. A súa infatigable acción divulgadora, outra das actividades científicas de maior importancia, permitiu vehicular a súa mensaxe en forma clara e potente.

Investigación aplicada, metodoloxías innovadoras, divulgación eficiente, compromiso coa sociedade, razóns máis que suficientes para considerar a Juan Rof Codina como un dos científicos máis senlleiros de Galicia.

Juan Manuel Lema Rodicio

Presidente da Real Academia Galega de Ciencias

Rof Codina: ciencia e progreso

Este 2022 é o ano de Juan Rof Codina (El Prat de Llobregat, 1874 - Lugo, 1967), porque así o decidiu a Real Academia Galega de Ciencias (RAGC) cando tomou o acordo de homenaxear como científico galego do ano 2022 a este veterinario catalán que os camiños da vida e o exercicio da profesión trouxeron moi novo a Lugo (1878), para quedar entregado durante case sete décadas a un labor intenso que cambiou o sector agropecuario, tan necesitado de modernización, e mudou as condicións de saúde e seguridade alimentarias do país. Será el, merecidamente, a figura central do Día da Ciencia en Galicia, que cada ano fai memoria desa parte fundamental da historia da cultura galega que é a historia da nosa ciencia e lembra os homes e as mulleres —galegos de nación ou de adopción— que, en diferentes contextos históricos, fixeron achegas científicas relevantes e, con iso, contribuíron ao progreso da sociedade e de Galicia.

Juan Rof Codina ten recibido xa variados recoñecementos de Galicia, un feito que non quita valor a esta homenaxe de hogano e en si mesmo reconforta, porque non só dá a dimensión do afecto e admiración que el mereceu e segue a merecer en diversos ámbitos da nosa sociedade, senón tamén da altura ética dun pobo consciente desa grandeza e agradecido. Xa o di a vella máxima: «Hónrase quen honra». Non sendo este o lugar de facer o relato previo de premios e distincións, mencionaremos só que, de xeito moi significativo, leva o seu nome o Hospital Veterinario Universitario, inaugurado no campus

de Lugo (USC) preto de tres décadas despois do seu falecemento e que, segundo a institución proclama, ten «o avance nas ciencias biomédicas e a veterinaria» como a súa «razón de ser».

Lembrar a Rof Codina é lembrar a defensa das razas bovinas autóctonas e a súa contribución decisiva na selección, mellora e promoción da vaca rubia galega, tan identificada culturalmente con Galicia e tan presente no imaxinario popular, que pasou de ser piar da casa campesiña a se converter, ademais, nun dos emblemas da calidade cárnica galega. É recoñecer a súa intervención social, transformadora en varios aspectos que redundan no progreso e a calidade de vida pública, no mundo rural e para toda a sociedade: o impulso da confianza na ciencia veterinaria e a dignificación da profesión; a tenacidade por sanear a facenda gandeira, decimada a cada canto por doenzas que semellaban implacables e que cumpría identificar, tratar, prever, coutar e, no posible, erradicar; a promoción do asociacionismo entre os gandeiros, polo xeral titulares de pequenas explotacións, en sociedades de seguros mutuos e sociedades pecuarias de diversa filiación; a divulgación de innovacións científicas e técnicas, buscando a aplicación rápida nos centros de produción agrícolas; ou, en definitiva, a modernización do sector agropecuario, con evidentes beneficios en canto a economía e calidade. É lembrar tamén a súa loita polas condicións sanitarias das explotacións, dos animais e dos produtos para o consumo, interno ou de exportación,

e, en definitiva, por garantir unha gandaría respectuosa co medio e unha alimentación saudable. Este intenso activismo tamén lle trouxo algúns desencontros co gremio e algo máis que desgustos pola vía institucional e política. De todo isto e moito máis trata esta obra que presentamos, grazas ás contribucións dos especialistas convocados pola RAGC, que iluminan para nós a figura do homenaxeado desde diferentes perspectivas científicas.

O Consello da Cultura Galega únese gozosamente á conmemoración actualizando a biografía e recursos anexos no *Álbum de Galicia* —onde Juan Rof Codina figura desde 2012 como parte do *Álbum da Ciencia*— e colaborando coa Real Academia Galega de Ciencias na celebración desta XV edición, de modo especial na publicación deste libro-homenaxe, coordinado polo profesor e académico Antonio Rigueiro. Facémolo agradecendo a todas as persoas e entidades participantes que se sumen á celebración e compartan connosco, con toda Galicia en realidade, a homenaxe a este apóstolo do progreso, a este traballador infatigable a prol do desenvolvemento económico e social da Galicia rural. Benditos os camiños que o trouxeron a esta terra para facerse parte de nós.

Rosario Álvarez

Presidenta do Consello da Cultura Galega

Limiar

Acéptase universalmente, cando menos nas sociedades máis avanzadas, que o coñecemento científico e os avances tecnolóxicos son de gran transcendencia para o desenvolvemento socioeconómico e cultural, e é importante que a sociedade o recoñeza, entre outros motivos de cara a comprender a necesidade de incrementar o investimento en investigación e desenvolvemento tecnolóxico. Co fin de conseguir que a sociedade sintonice coa ciencia e tome en consideración a grande importancia que esta ten, a Real Academia Galega de Ciencias (RAGC) promove, dende o ano 2008, a celebración do Día da Ciencia en Galicia, con grande aceptación social e que en realidade pretende estenderse a todo o ano. Entre outras actividades, hónranse aquelas persoas que contribuíron de forma notable ao desenvolvemento e á promoción da ciencia en Galicia.

Así, cada ano a RAGC distingue como científico ou científica do ano un home ou unha muller que dedicou unha parte importante da súa vida á investigación, transferencia de tecnoloxía ou avance do coñecemento en Galicia, polo que se converteu nun referente da ciencia para a sociedade galega e nun exemplo para os futuros investigadores.

O primeiro científico do ano foi Enrique Vidal Abascal, en 2008, ao que seguiron 14 máis, entre eles Cruz Gallástegui Unamuno, veterinario e enxeñeiro agrónomo. No presente ano 2022 a RAGC distingue con ese honor a Juan Rof Codina, tamén veterinario, coñecido como o veterinario catalán de Galicia, pois, aínda que naceu en Cataluña, desenvolveu a maior parte da súa actividade profesional en Galicia, nas provincias de Lugo e A Coruña. Con este nomeamento, a RAGC quere amosar a súa figura como modelo de comportamento persoal e profesional para a sociedade galega en xeral e, moi en particular, para a comunidade científica.

Entre as distintas actividades que se programaron para homenaxear o científico do ano está a publicación deste pequeno libro que edita o Consello da Cultura Galega,

entidade á que a RAGC agradece esta colaboración. Tamén agradecemos aos autores dos diferentes capítulos do libro as súas achegas.

Juan Rof Codina naceu en El Prat de Llobregat, en Barcelona, no ano 1874 e faleceu en Lugo en 1967. Deixou o traballo no taller de ferreiro de seu pai e desprazouse a Madrid para estudar na Escola Superior de Veterinaria. En 1898 opositou ao Corpo de Sanidade Militar e o seu primeiro destino foi Lugo, cidade onde se encontrou co país ao que dedicaría boa parte da súa vida. O seu temperamento e a súa tenacidade chamaron a atención dende o inicio da súa actividade profesional, a cal tivo varios eixes, entre outros: a aplicación e a divulgación de novidades zootécnicas e de medidas de hixiene pecuaria que redundaron nunha mellora substancial da gandaría, a organización e a valorización da profesión veterinaria, os concursos de gando ou o agrarismo, pois colaborou cos grupos organizados de técnicos agraristas e participou activamente no movemento agrarista, especialmente en Solidaridad Gallega e noutras asembleas agrarias galegas.

As necesidades zoosanitarias foron a súa primeira preocupación cando chegou a Galicia, o que o levou a divulgar os traballos de Pasteur sobre o gripo (febre aftosa) e a nacida (carbuncho bacteridiano) cando esta enfermidade afectaba gravemente o gando vacún. Creou, xunto co seu cuñado Jesús Carballo, veterinario igual ca el, a primeira clínica veterinaria galega, que tamén foi a primeira do Estado no seu xénero: a Gran Clínica Veterinaria de Lugo, que tiña a representación exclusiva das vacinas do Instituto Pasteur para Asturias e Galicia.

Nas primeiras oposicións ao Corpo de Inspector de Hixiene Pecuaria obtivo o segundo posto e escolleu a praza da Coruña, onde residiu dende 1910 e desenvolveu durante vinte anos o seu labor.

Outras das súas múltiples actividades foron os concursos de gando, a organización de Festas da Árbore (contribuíu a crear a Sociedade de Amigos das Árbores), a divulgación das vantaxes dos seguros mutuos etc. O seu intento de organización da profesión veterinaria dende o punto de vista corporativo ocasionoulle problemas

coas autoridades franquistas e foi obrigado a xubilarse en 1944, pero continuou o seu labor divulgador dende a Estación Pecuaria de Lugo e dende a súa Cátedra Ambulante de Divulgación Pecuaria.

Rof Codina foi un experimentador constante das novidades que puidesen ter aplicación ao sector gandeiro, e incluso á agricultura, de Galicia. Foi un publicista e divulgador incansable: escribiu o seu primeiro artigo sobre a gandería galega nun xornal lugués en 1899, ao que seguirían arredor de tres milleiros de traballos ao longo da súa vida, moitos deles en xornais como *La Vanguardia*, *La Voz de Galicia* ou *El Progreso*. A mensaxe divulgadora de Rof Codina fixo del unha figura científica de referencia na gandería durante varias décadas e séguese sendo nesta época de grandes cambios no agro e na sociedade agrícola galega. Para afrontar as novas esixencias da gandería do século XXI, máis sostible e respectuosa co medio ambiente, son necesarias transformacións e retos que hai que levar a cabo e nas que a obra de Rof Codina aínda perdura e segue estando vixente.

A súa vida enmárcase nun contexto social complexo, pois viviu nas dúas ditaduras do século XX e o pensamento libre non era ben visto polos ditadores, polo que era frecuente que o veterinario catalán de Galicia levase para despistar un periódico diferente escondido baixo cada brazo.

Atribúese a Rof Codina o mérito de evitar a derruba da muralla romana de Lugo, hoxe Patrimonio da Humanidade. Nos anos vinte do pasado século barallouse esa posibilidade para favorecer o crecemento da cidade, como sucedeu en tantas vilas e noutras cidades, e empregar a pedra da muralla como material de construción noutros lugares, como os portos da Coruña e Ferrol. Rof Codina non estaba de acordo e, para disuadir os promotores desa idea, fixo un cálculo dos carros que serían necesarios para realizar o traslado da pedra e o espazo necesario, co que logrou que descartasen a proposta.

O libro que presentamos pretende simplemente abrir unha fiestra á súa personalidade, á súa obra e ao seu legado, e abrangue distintos temas relacionados con Rof Codina en particular ou coa profesión veterinaria en xeral, como son: a mellora

agropecuaria galega, a raza bovina rubia galega e a evolución da profesión e dos estudos de veterinaria en Galicia.

Rof Codina introduciu no campo galego avances europeos e melloras en sanidade animal que revolucionaron a agricultura e a gandería a principios do século xx. Percorreu as granxas galegas para amosarlles aos agricultores e gandeiros os últimos avances, mostrarlles a importancia da hixiene e iniciar proxectos de vacinación, aínda que tivo que vencer a típica desconfianza inicial dos campesiños galegos para crear un ambiente receptivo para as súas ensinanzas.

Nun estudo de hai 100 anos Rof Codina céntrase no gando bovino de raza rubia galega, e aposta pola mellora a través da selección xenética para impulsar unha raza autóctona con gran capacidade para producir carne e leite de calidade. Rof Codina, co seu labor a favor desta raza, xunto con outras importantes achegas ao mundo gandeiro da súa época, logrou evitar a desaparición da raza rubia galega e favoreceu a súa expansión e mellora. Tamén contribuíu á mellora doutras razas gandeiras autóctonas, como o porco celta, a ovella galega ou a galiña de Mos.

A evolución da profesión veterinaria en Galicia enmárcase en catro escenarios principais: o veterinario como médico dos animais, os veterinarios e a zootecnia, os veterinarios e a sanidade animal e os veterinarios e a seguridade alimentaria.

Participou Rof Codina na enseñanza práctica da Escola de Veterinaria de Santiago, que comezou a súa actividade no ano 1882 no edificio de San Clemente, hoxe Instituto Rosalía de Castro, e que continuou no Pazo do Hórreo, inaugurado en 1915 como Escola de Veterinaria de Santiago de Compostela. No ano 1921 xorde a iniciativa de converter a Escola de Veterinaria de Santiago en cuartel e Rof Codina oponse, aínda que, debido ao descenso do alumnado, pecha no ano 1924. Na memoria histórica dos composteláns quedaría para sempre a anécdota dos bedeis convidados a matricularse para aumentar o número de estudantes.

No ano 1993 concedeuse unha Facultade de Veterinaria a Galicia e o 17 de marzo a Xunta de Goberno da Universidade de Santiago decidiu por un voto de diferenza (11 para Lugo e 10 para Santiago) que a Facultade se establecese en Lugo. O 19 de maio de 1994 constitúese no campus de Lugo, en colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela, a Fundación Rof Codina, á que a súa filla Carmen Rof Carballo doou a súa importante biblioteca. Tamén leva o nome do veterinario catalán de Galicia o Hospital Veterinario Universitario Rof Codina, que exerce as funcións de hospital docente ao amparo do convenio establecido entre a Universidade de Santiago de Compostela e a Fundación Pública Galega Rof Codina. O veterinario catalán de Galicia tamén dá nome a unha rúa en Lugo, a outra en Monforte de Lemos e a un xardín na súa localidade natal, El Prat de Llobregat.

Antonio Rigueiro Rodríguez

Académico numerario da Real Academia Galega de Ciencias

Referencias bibliográficas

FERNÁNDEZ PRIETO, Lourenzo (2012): «Juan Rof Codina», en *Álbum de Galicia*, Consello da Cultura Galega (<http://consellodacultura.gal/album-de-galicia/detalle.php?persoa=3444>) [Última consulta: 17/09/2022].

Juan Rof Codina, referente na mellora agropecuaria galega

Diego Conde Gómez

Académico (c) da Real Academia de Ciencias Veterinarias de España

Solo siento, que quizá mi falta de conocimientos y mi carencia de dotes oratorias hará fracasar mi conferencia, de la cual esperareis acaso grandes enseñanzas para la explotación racional de vuestras cuadras; y quiero que desde este momento desechéis esa idea, si es que la habéis preconcebido, porque lo que voy a deciros no es más que confirmación científica de lo que estáis practicando todos los días; explicaros porque estáis en lo cierto, a no admitir ganados extranjeros desarmónicos (destartalados, mal feitos, decís vosotros) en vuestra ganadería, quiero haceros comprender como a pesar de haber entrado en Galicia muchos reproductores forasteros, las razas siguen en pie, si bien un poco deterioradas, por haber olvidado vosotros un asunto de gran importancia en agricultura y ganadería; la selección. (Rof Codina 1907)¹

Juan Rof Codina. A ciencia como transformadora social

Dende o ano 2006, a Real Academia Galega de Ciencias (RAGC) honra a memoria dun científico ou científica que contribuíse decisivamente ao desenvolvemento da ciencia e a tecnoloxía en Galicia. Así, o Día da Ciencia en Galicia, antes Día do Científico Galego, axuda a fomentar a promoción da ciencia na nosa sociedade enalzando e homenaxeando, ano tras ano, os homes e mulleres que dende e para Galicia fixeron importantes achegas en diferentes disciplinas científico-técnicas, que van dende as matemáticas á enxeñaría naval, pasando pola medicina, a xeoloxía, a xenética, a bioloxía mariña, a química ou a xeografía, entre outras.

¹ Esta cita é o extracto dunha conferencia que Rof Codina impartiu no concello de Láncara (Lugo), onde pon de manifesto o papel protagonista que ten o labrego dentro das transformacións que estaba a sufrir o agro galego, ao salientar a acertada liña que estaban a tomar os gandeiros, os cales xa apostaban pola selección fronte ao desacertado e arbitrario emprego dos cruzamentos dentro da mellora pecuaria.

Durante este ano, a RAGC considerou oportuno dedicarlle este recoñecemento á figura do veterinario Juan Rof Codina, salientando a súa contribución á modernización do sector agropecuario en Galicia e á difusión do concepto de asociacionismo entre os gandeiros galegos, así como o seu impulso á profesión veterinaria en España. Así pois, o nome de Rof Codina queda xa unido ao de anteriores homenaxeados, como o do tamén veterinario Cruz Gallástegui, ou de persoeiros tan salientables como Enrique Vidal Abascal, Ramón María Aller, Padre Feijoo, Luís Iglesias, Ángeles Alvariño, Domingo Fontán ou Jimena Fernández de la Vega, entre outros.

A traxectoria profesional e vital de Juan Rof Codina achéganos a un período de grandes cambios e transformacións dentro do rural galego, o que nos permite facer un percorrido a través desta evolución, poñendo de manifesto o valor que tivo a obra de Rof Codina no dito contexto. Neste senso, o seu labor foi principalmente de divulgación e xestión do coñecemento. Aínda que colaborou de maneira activa con diferentes centros de investigación, como puideron ser a Granxa Agrícola da Coruña, a Escola de Veterinaria de Santiago ou a Misión Biolóxica de Galicia, en ningún destes casos pertenceu ao cadro de persoal de investigadores e docentes destes centros.

Tendo en conta isto, é difícil imaxinar ou relacionar a Rof Codina coas premisas e etiquetas coas que todos nós podemos asociar o prototipo de científico investigador. Lonxe de propostas de estudo teórico ou de experimentación laboratorial, o seu traballo foi eminentemente práctico, pois puxo en marcha medidas que trasladasen as últimas innovacións directamente ao campo. Porén, é precisamente esa procura do coñecemento obtido a través da observación e o razoamento o que fai de Juan Rof un experimentador incansable. É o seu papel como divulgador destas experiencias, así como a enorme capacidade para trasladar á sociedade as melloras que se estaban levando a cabo no sector agrogandeiro no resto de España e Europa, o que fai del un personaxe excepcional e, sen dúbida, pioneiro no establecemento da transferencia tecnolóxica no rural galego.

Así, un dos aspectos fundamentais que debemos salientar de Rof Codina é a capacidade de empregar a innovación científica como un dos piares principais para a consecución de obxectivos de mellora da sociedade en que lle tocou traballar e vivir. Apegado a esta teima, procurou dar unha visión global aos problemas do rural galego, propoñendo medidas realistas e de sinxela execución dende o punto de vista técnico. O seu xeito de traballar procuraba equilibrar e optimizar de maneira sostible a saúde pública, a sanidade animal e o desenvolvemento económico e social do mundo rural, en completa sintonía co actual enfoque do *One Health*.

Por todo isto, é todo un acerto ter en conta a Rof Codina para esta homenaxe, xa que é o claro exemplo da importancia que ten a ciencia como catalizadora para transformar a sociedade. Como veremos, un dos principais incentivos do traballo que realizou era dotar dos medios e ferramentas necesarios que permitisen a mellora integral das explotacións agropecuarias, non soamente dende o punto de vista da sanidade, benestar ou produción animal, senón tamén dende a perspectiva da economía familiar, de maneira que a dita mellora permitise unha transformación das condicións en que se vivía no rural, facendo aos labregos protagonistas destas.

Divulgación dende o coñecemento da realidade galega

No primeiro terzo do século XX, en Galicia, do mesmo xeito que no resto de Europa, prodúcese un proceso de renovación no ámbito agropecuario, o que orixina unha serie de transformacións no mundo rural. Estas transformacións van dende a organización social do agro galego arredor do movemento agrarista (Cabo Villaverde 1998) ata un cambio tecnolóxico nas estruturas agrarias, e pasan da reivindicación da propiedade da terra á mudanza/introdución de novos aproveitamentos forraxeiros en detrimento de cultivos de cereais e ao cada vez maior uso de adobos inorgánicos, todo iso derivado da pecuarización do campo galego (Conde Gómez 2014).

Do mesmo xeito, dende a profesión veterinaria estíbese a procurar un sitio de recoñecemento dentro da sociedade de comezos do século XX, reivindicando para si o mesmo status que xa tiñan outras actividades como a medicina, a farmacia, as enxeñaría etc.

Neste contexto, Rof Codina chega a Galicia o 14 de agosto de 1898, destinado ao 3º Rexemento de Artillaría de Montaña despois de aprobar as oposicións ao Corpo de Sanidade Militar. En Lugo alóxase coa familia do veterinario Ramón Carballo y Pardo, onde tomará contacto cos costumes e o idioma do país e comezará a interesarse polos problemas da gandería galega. O ambiente rural non lle é alleo a Juan Rof. Nado en El Prat de Llobregat o 31 de agosto de 1874, fillo de Pablo Rof Xirinachs, ferreiro de profesión, e Micaela Codina Portillo, a infancia de Rof desenvólvese nun ambiente rural que marcará a súa sensibilidade e interese sobre os problemas do campo.


Rof realizara os seus estudos na Escola Superior de Veterinaria de Madrid, na cal ingresara o 25 de setembro de 1891, con 17 anos. Estes anos de estudo en Madrid non son doados, xa que ás dificultades económicas dos pais de Rof para que o seu fillo estudase na capital houbo que sumarlle que ata en tres ocasións o chamaron para o recrutamento de tropas para combater na Guerra de Independencia de Cuba. O 15 de xuño de 1897 convértese en veterinario titulado ao aprobar a reválida en todos os exercicios.

Durante estes primeiros anos en Lugo, Rof Codina achégase aos problemas sanitarios que nese momento afectaban o gando. Así, descobre que enfermidades coñecidas no campo como o gripo ou a nacida non son máis que a febre aftosa e o carbuncho. É neste instante cando comeza un intenso traballo de divulgación a prol da gandería galega. A importancia do labor publicista realizado por Rof Codina pasa, pois, fundamentalmente por achegar as innovacións que se estaban a levar a cabo tanto no resto da Península como dun xeito especial na Europa atlántica, incidindo na valorización que a gandería tiña como eixe das transformacións sociais no agro galego. Este «apostolado» que Rof realizou a favor da formación do labrego, na procura da súa profesionalización², xunto

2 Nas campañas de vacinación contra a nacida, para que esta fose o máis efectiva posible, ensinoulles a vacinar a mestres rurais, cregos e gandeiros, o que foi entendido como un apoio ao intrusionismo nos labores propios do veterinario.

coa crítica contra a realización das actividades clásicas do veterinario, como a ferraxe, fixo que nos medios conservadores da profesión fose criticado por falta de corporativismo, ao entender que isto lle restaría traballo ao resto dos veterinarios.

O certo é que, do mesmo xeito que unha gran parte da súa xeración, a visión que tiña Rof da profesión veterinaria era que esta tivese un maior recoñecemento social, nun momento en que era fundamental procurar posicións máis relacionadas coa ciencia que permitisen a dignificación da profesión, desbotando esa ferrocraia na que permanecían as posturas máis conservadoras. Así, a temática dos seus primeiros traballos vai dende as condicións sanitarias da carne que se exportaba ao resto da Península ata cuestións clínicas e preventivas fronte ás enfermidades máis comúns como a febre aftosa (glosopeda ou gripe), a triquinose ou a cisticercose.



Rof Codina e Jesús Carballo na Gran Clínica Veterinaria (1908)

En 1901, Rof Codina presenta a memoria *Bosquejo sanitario-zootécnico, destinado al estudio de las ventajas del seguro aplicado a la ganadería en la provincia de Lugo* aos Xogos Florais de Lugo, celebrados o 6 de outubro de 1901, que sería premiada cun accésit e posteriormente publicada pola Deputación de Lugo en 1904. Nesta súa primeira obra, Rof pon de manifesto a importancia que ten a gandaría para o desenvolvemento económico dun país e como a través da súa especialización se acada unha maior cantidade e calidade das súas producións.



Rof Codina vacinando contra a nacida (Rof Codina 1910)

Reformas (a) con ciencia

En febreiro de 1910, tras aprobar as correspondentes oposicións co número 2, é nomeado inspector de Hixiene Pecuaria e Sanidade Veterinaria de 1ª clase da Coruña, a cal elixe como destino. Dende o seu posto como inspector pecuario, Rof Codina convértese en partícipe directo do desenvolvemento pecuario que estaba acontecendo en Galicia.



Portada de *Reformas que se pueden implantar en Galicia para el progreso de la agricultura* (1912)

Así, colabora con Hernández Robredo e a Granxa Agrícola da Coruña; entra no padroado da Misión Biolóxica de Galicia, onde coincide con Cruz Gallástegui; participa na ensinanza práctica que se desenvolve na Escola de Veterinaria de Santiago xunto cos profesores Juan Téllez y López ou Abelardo Gallego, ou contribúe á creación da Sociedade de Amigos das Árbores xunto con Hernansáez.

En 1912 publica á que posiblemente sexa a súa obra referente, *Reformas que se pueden implantar en Galicia para el progreso de la agricultura*. Nela esboza as principais liñas de acción nas que se debería fundamentar o progreso agropecuario galego. O máis salientable é que non impón unha serie de medidas alleas ao contexto galego, senón que de xeito previo se centra en describir as características peculiares do agro galego, para poder así afrontar e propoñer unhas melloras axustadas á realidade e ás condicións existentes nese momento.

La agricultura y ganadería gallegas *ostentan una característica propia*, reclamando para su mejora organización diferente á la que tiene en las demás regiones.
(Rof Codina 1912: 58)

Deste xeito, describe as características do medio rural, sinalando a maneira de aproveitamento que do medio fai o labrego e recoñecendo o carácter individualista que persiste en Galicia, o cal hai que ter en conta antes de emprender calquera obra de mellora, así como as condicións das diferentes producións (adobos, tipo de explotacións, especies, pragas...), o tipo e estado das comunicacións existentes, o arrendamento da

terra e o gando mediante os foros, subforos e parzarías, os tipos de sistemas de venda e a intervención dos intermediarios na comercialización dos produtos. O traballo de Rof non se cinguiu a unha simple mellora morfolóxica, senón que tamén repercutiu na modificación das condicións externas que afectaban o gando e impedían o progreso e o avance deste. Ofrece, pois, unha visión do que sería unha mellora integral da gandaría galega, sen quedar soamente na codia. Ese interese e a capacidade de adaptar o coñecemento á realidade do territorio fan que a súa mensaxe sexa permeable entre os seus principais destinatarios, os labregos, os cales Rof Codina considera parte esencial e verdadeiros protagonistas na implementación das melloras propostas.

O éxito da mensaxe divulgadora de Rof Codina pasa por ser plenamente consciente de que para conseguir pór en marcha calquera acción esta ten que adaptarse ás condicións propias de Galicia, abandonando discursos pretéritos que, afastados da realidade e baseados en experiencias que pouco tiñan que ver co contexto propio do país, non conseguían callar nos labregos. Foi ese cambio de mentalidade dos técnicos, xunto coa comprobación palpable por parte dos labregos das melloras que estes preconizaban, o que permitiu establecer unha conexión entre ciencia e agricultura, que tivo como froito a transformación do modelo agropecuario durante o primeiro terzo do século XX.

O labrego desempeña un papel protagonista á hora de poñer en marcha a innovación tecnolóxica nas súas explotacións agropecuarias, o que determina o éxito ou fracaso destas, que demostran ser máis eficaces respecto ás súas necesidades. Así, todas as propostas pasaban antes pola peneira da realidade social e produtiva da explotación. Exemplo disto é a postura dos labregos sobre a elección do procedemento da mellora do vacún, os cales prefiren a selección en pureza da raza, o que na práctica concorda cos traballos de Rof Codina. Neste proceso de adaptación, primeiro procurábase cubrir as necesidades dunha economía labrega con animais que cumprisen coa tripla aptitude e logo seleccionábanse aqueles exemplares que puidesen supor unha mellora segundo as esixencias para a súa comercialización. Isto cuestiona a participación que na mellora

do gando, en especial da raza rubia galega, tiveron en realidade propostas como os cruzamentos con razas estranxeiras. É sobre todo esta dicotomía entre cruzamento ou selección en pureza a que supón un maior debate na forma de dirixir a evolución da raza, o que contrasta co consenso case unánime que existía nese momento noutros aspectos, como pode ser a vontade e necesidade de conseguir unha raza de vacún propia para o país, así como o feito de que os animais debían manter a súa tripla aptitude para dar solución aos labregos, que terían que ser os principais protagonistas dos cambios que efectuar, e que neste último caso se irían readaptando posteriormente ás necesidades do mercado.

O activo papel pedagóxico de Rof Codina, cun intensísimo traballo como publicista en diferentes xornais, que manterá ao longo de toda a súa vida, ensombrece o labor non



Concurso de gandos de Carballo (1911). Público presenciando a cualificación dun becerro por parte dos veterinarios Rof Codina, Ignacio Varela e Santos Romero (Rof Codina 1912b: 220)

menos importante de diferentes profesionais e institucións que, aínda acadando menor repercusión, se atopan ao mesmo nivel como verdadeiros piares da renovación da gandería galega. Este é o caso, entre outros, das achegas dende a Escola de Veterinaria de Santiago (Castro y Valero, González Pizarro, Demetrio Galán, Pedro González, Tomás Rodríguez, Abelardo Gallego, Gallástegui...) ou doutros inspectores pecuarios (Armendaritz, Xavier Prado, Martín Lázaro...).

Tempos de mudanzas

Coa chegada da Segunda República prodúcese unha reestruturación da Administración e créase a Dirección Xeral de Gandería e Industrias Pecuarias o 30 de maio de 1931, que unificará os diferentes aspectos da veterinaria —que nese momento estaban distribuídos por varios ministerios— e seguirá cunha estrutura similar ata 1971; posteriormente será reinstaurada dende 1998 ata 2008. Nesta Dirección Rof Codina será nomeado, por Decreto do 10 de decembro de 1931, conselleiro xeral veterinario do Consello Superior Pecuario, polo que deixa a Inspección Provincial da Coruña o 24 de decembro de 1931. Diferentes institucións organízanlle en 1931 unha homenaxe en recoñecemento do seu traballo. Nesta Dirección Xeral atópanse persoeiros con amplos coñecementos da situación galega como Cruz Gallástegui, Niceto José García Armendáriz, Moisés Calvo Redondo, Tomás Rodríguez González ou o propio Juan Rof Codina.

Posteriormente, cando Gallástegui pasa a ser presidente do Consello Superior Pecuario, será Rof Codina, en calidade de interino, o que ocupe a praza de xefe de sección de Fomento Pecuario o 12 de xullo de 1932. En novembro, a excedencia voluntaria de Gallástegui para ocupar a praza de director do Servizo de Investigacións Biolóxicas Aplicadas á Agricultura e Gandería en Galicia fai que Rof Codina quede de xeito oficial como xefe de sección. Dende estas posicións Rof non deixa as súas ideas; nunha conferencia na Asemblea Extraordinaria da Asociación Nacional de Veterinaria Española, realizada entre o

6 e o 10 de xuño de 1932, maniféstase a favor do cooperativismo. Tamén dende a xefatura de sección se centrará na transformación do sector agropecuario a través da cooperación e a instrución. Un exemplo do cooperativismo son as súas experiencias dende Galicia ao resto do Estado, como a levada a cabo en Ortigueira ou en Laíño (Dodro). A Federación Agraria de Ortigueira nace dunha Sociedade de Seguros Mutuos que se transforma en sindicato agrícola; a dita federación organiza a venda directa do gando vacún dos seus asociados aos matadoiros sen intermediarios. En canto á instrución, propón utilizar a radio para a difusión e divulgación, consciente do potencial do medio, para a instrución dos campesiños. Así, o 4 de decembro de 1932, sendo inspector xeral de Fomento Pecuario, emítase a conferencia «Cooperativismo pecuario» a través de Unión Radio. No mes de maio de 1935, Rof asume a presidencia do Consello Superior Pecuario pola ausencia do seu titular, Cayetano López y López.

Iniciada a Guerra Civil, en agosto de 1936 reorganízase a Dirección Xeral e Rof Codina, que permanece na zona republicana, pasa a encargarse do Negociado de Estatística, Comercio e Transporte e dos negociados de Estacións Pecuarias e Intervención de Granxas Particulares, de Abastos, de Industrias Complementarias e Derivadas e de Cría Cabalar. Dende este posto, elaborará, en colaboración co enxeñeiro agrónomo Juan Sánchez Ocaña, un censo que indica unha clara desvantaxe entre o goberno republicano e o nacional no referido ás provisións e reservas pecuarias tanto para o uso militar como para a forza de traballo no campo. En setembro, o novo director xeral de Gandarías, Nicanor Almarza Herranz, e o xefe de sección, Emiliano Sierra, intentan relegar a Rof a unha praza aduaneira para que as súas funcións sexan asumidas por persoal afín á Fronte Popular.

Logo de rematar a guerra, o 10 de maio de 1939 iníciase o expediente de depuración contra Juan Rof Codina. Preséntase un prego de cargos no que se lle imputan diversas causas, como non incorporarse ou intentar unirse ao bando nacional, ou a existencia dun telegrama de adhesión á república. Recrimínanlle ser home de esquerdas pola súa amizade con Gordón Ordás ou polos servizos prestados ao Goberno Vermello. Na resposta



Asemblea da Asociación Nacional Veterinaria (ANVE), Madrid, 1932

de Rof Codina achéganse certificacións xuradas da súa profunda fe católica e afecta ao novo réxime. O resultado do proceso de depuración é o seu traslado forzoso durante un período de tres anos con prohibición de solicitar cargos vacantes durante ese tempo.

Así, o 12 de novembro de 1939 Rof toma posesión do posto de inspector en Sevilla e despois é destinado, de maneira forzosa, á Xefatura do Servizo Provincial de Gandaría de Santa Cruz de Tenerife. Incorpórase o 13 de xullo de 1940 e dende aí prosegue co seu labor. Realiza un censo pecuario e valorativo dos produtos da gandaría da dita provincia, que será publicado pola Cámara Agrícola de Tenerife en 1941. En decembro de 1941, Juan Codina e Carlos Santiago Enríquez permutan os destinos, polo que Rof pasa a ser director da Estación Pecuaria Rexional de Lugo. O 3 de xaneiro de 1942 a Dirección Xeral de Gandaría accede a conceder a permuta solicitada e faise oficial o 15 de xaneiro do mesmo ano.

Regreso a Lugo e unha activa xubilación

No ano 1932 fundárase a Estación Pecuaria Rexional de Lugo, que pasaría a nomearse «de Galicia» posteriormente e que desaparecerá en 1962. Situada no predio El Fingoy, Rof chega como director o 12 de marzo de 1942. Na Estación, Rof seguirá as liñas de traballo principais establecidas, a protocolización dos traballos e a súa posterior publicidade e divulgación formativa aos gandeiros; con isto consegue facer da estación un centro de investigación e docencia de referencia. Neste período son especialmente meritorios os seu traballos acerca da produción porcina e de recuperación de razas autóctonas como o porco celta e a galiña de Mos.

O 1 de setembro de 1944, con setenta anos, xubilase Juan Rof, pero as súas actividades non rematan: o mes seguinte participa en Santiago de Compostela no Congreso Agrícola de Galicia, que dará lugar ao Plan Agrícola de Galicia. No citado congreso, Rof participa con dous relatorios: «Plan de mejora de ganado porcino», en colaboración con Jesús Carballo Mosquera, e «Plan de mejora en el rendimiento económico de la avicultura», xunto con Esteban Ballesteros Moreno, que será o seu sucesor na Estación.


En 1945 consegue, coa axuda de diferentes organismos públicos, a creación da Cátedra Ambulante de Divulgación Pecuaria de Galicia, da que será director e titular. A través do gobernador civil de Lugo, Ramón Ferreiro Rodríguez, recibe unha subvención do Ministerio de Educación de 10 000 pesetas anuais, á que Rof engade outras 5000 pesetas para o seu mantemento. A Cátedra utilizará material gráfico moi variado, dende láminas ata películas, para impartir charlas dunha temática moi variada tamén, dende avicultura e cunicultura ata inseminación artificial no gando vacún. Ademais de Rof Codina, que se encarga da organización e preparación dos materiais, colaboraba puntualmente o persoal do Laboratorio e da Estación Pecuaria Rexional de Lugo, como os veterinarios Alfonso Platero García e Luis Enrique Vázquez Paredes, ou inspectores municipais como Julio Picatoste Francos.

En canto aos lugares onde daban as charlas, facíano principalmente en Lugo, pero tamén realizaban charlas de xeito periódico noutros concellos galegos. Debido á repercusión dos eventos, estenderanse a diversos puntos de España e incluso chegarán a Portugal. De feito, algúns organismos públicos solicitaran a creación de cátedras semellantes noutras provincias. O sistema que emprega a Cátedra é o de formación de formadores, é dicir, organizan cursos para mestres de escolas nacionais e que estes fagan o mesmo no medio rural do seu contorno.

No ámbito da divulgación e formación dos labregos, de forma paralela aparecen outras iniciativas que colaboraran coa Cátedra, como a creación da Escola da Granxa Barreiros (Sarria–Lugo), coa que colabora estreitamente xunto a Avelino Pousa Antelo na realización do primeiro Cursillo de Formación Agropecuaria para mestres en 1948. Tamén realizarán cursos de capacitación e divulgación técnico-agrícola ou de avi-cuni-apicultura a través do Ministerio de Agricultura, como os que tiveron lugar en 1952 en Lugo.

O legado de Rof Codina

Quizais un dos aspectos máis importantes da transcendencia do labor de Rof Codina é o carácter perdurable da súa obra. Neste sentido, non me gustaría que esta achega quedase como un simple exercicio de repaso ao seu traballo pretérito, senón que quixera



Sinatura de Juan Rof Codina



Rof Codina impartindo unha charla a través da Cátedra de Divulgación Pecuaria de Galicia

que permita poñer en valor o legado de Rof Codina e sexa exemplo para o futuro que lle depara ao sector agrogandeiro galego.

O seu legado é a divulgación das ideas innovadoras do agro e da gandaría galega e mais o seu empeño na reforma e modernización da ciencia en xeral e da veterinaria en particular. A este respecto, a mellora pecuaria dos seus traballos non se enmarca só na simple transformación morfolóxica do gando, senón que tamén incide nas condicións xerais e a loita contra as patoloxías. Tamén o seu papel na creación de asociacións que estruturan a profesión e permiten a súa defensa e ordenación. Pero, sobre todo, a mensaxe divulgadora de Rof Codina, tanto no medio rural como por todos os medios ao seu alcance, que fixo del unha figura científica de referencia na gandaría durante varias décadas e que segue sendo unha figura de referencia dunha época de grandes cambios no agro e na sociedade agrícola galega.

Hoxe Rof Codina sentiríase fachendoso vendo unha Facultade de Veterinaria en Lugo. Un centro que forma os futuros veterinarios cos máis altos estándares nacionais e europeos e que prepara a profesionais tanto dende a esixencia teórica como dende a necesaria práctica. Un centro onde a docencia comparte espazo coa investigación e a transferencia tecnolóxica e que ten o compromiso de dar solución aos problemas do agro galego. Unha Facultade de Veterinaria que, xunto ás carreiras agronómicas, conforma o xerme e corazón do Campus Terra, o cal está chamado a ser un referente científico e social de traballo interdisciplinario nos ámbitos de coñecemento vinculados á sustentabilidade económica, social e ambiental da Galicia rural.

Sorprenderíase ao ver como o Hospital Veterinario Universitario e a Fundación que hoxe levan o seu nome conformaron o Centro de Biomedicina e Veterinario (CEBIOVET) como un centro que conta coa máis alta tecnoloxía, que é referente dentro da investigación biomédica e veterinaria e que permite xerar novas liñas de investigación, como grande infraestrutura tecnolóxica dentro da comunidade científica.

O seu traballo permitiu consolidar un proceso de reforma no agro galego do que aínda hoxe se pode ver o seu resultado. Rof Codina desempeñou un papel fundamental na divulgación das ideas innovadoras que agromaban, pero sobre todo creando o estado de opinión necesario para a súa posta en marcha. Grazas ao seu labor a prol da mellora pecuaria, hoxe Galicia conta cun gando sobresaínte dende o punto de vista sanitario e produtivo. Unha gandaría que mantén o seu patrimonio zootécnico coa conservación de razas autóctonas, como a rubia galega, o porco celta, a ovella galega ou a galiña de Mos, en cuxa preservación e mellora Rof Codina tivo un papel protagonista. É a través do potencial produtivo destas razas como se debe apuntalar o futuro agropecuario galego, de maneira que permitan afrontar as novas esixencias da gandaría do século XXI, máis sostible e respectuosa co medio ambiente. Necesarias transformacións e retos que hai que levar a cabo e para as que a obra de Rof Codina aínda perdura e segue sendo referente.

Referencias bibliográficas

- CABO VILLAVERDE, M. (1998): *O agrarismo*, Vigo, A Nosa Terra, 1ª ed.
- CONDE GÓMEZ, D. (2014): *Canto val unha vaca? Da cuestión agraria á cuestión pecuaria*, A Coruña, Deputación Provincial.
- CONDE GÓMEZ, D. (2015): *Juan Rof Codina. Renovación na veterinaria e gandería galega contemporánea*, Vigo, Xerais.
- FERNÁNDEZ PRIETO, L. (1985): «Unhas notas sobre a vida e obra de Juan Rof Codina (1874-1967)», en J. Rof Codina, *Reformas que se pueden implantar en Galicia para el progreso de la agricultura*, Sada, Ediciós do Castro, 9-21. (Edición facsimilar).
- PÉREZ MACEIRA, J. J. / D. CONDE GÓMEZ (2014): *Juan Rof Codina, veterinario e divulgador. Unidade didáctica. A renovación agrícola galega*, A Coruña, Fundación Barrié. (EducaBarrié).
- ROF CODINA, J. (1907): «Zootecnia Regional», *Prácticas Modernas e Industrias Rurales*, 5:118, 15 de decembro, 340-342.
- ROF CODINA, J. (1910): *Cartilla contra el carbunco bacteridiano (Nacida)*, A Coruña, Consejo Provincial de Agricultura y Ganadería.
- ROF CODINA, J. (1912a): *Reformas que se pueden implantar en Galicia para el progreso de la agricultura*, A Coruña, Imprenta y Litografía de Luis Lorman.
- ROF CODINA, J. (1912b): «Estudio de 50 vacas gallegas del Concurso de Ortigueira», *Revista Veterinaria de España*, 6:6, febreiro, 208-222.
- RUIZ MARTÍNEZ, C. (1973): «Juan Rof Codina (1874-1967)», en M. Cordero del Campillo / C. Ruiz Martínez / B. Madariaga de la Campa, *Semblanzas Veterinarias I*, León, Syva, 195-218.

Evolución da profesión veterinaria

José Luis Factor Rodríguez

Académico numerario da Academia de Ciencias Veterinarias de Galicia

Por solicitude da Real Academia Galega de Ciencias e co gallo da declaración do veterinario Juan Rof Codina como científico galego do ano 2022, debo facer un breve resumo do rol que desenvolveu en Galicia a profesión veterinaria, especialmente no último século. Tratarei de prescindir dese corporativismo inherente aos que pertencemos a profesións tan singulares como a veterinaria para non perder a obrigada obxectividade que debe presidir este resumo.

É difícil recoller a evolución dunha profesión tan diversa e multidisciplinaria como a veterinaria sen deixar algún aspecto atrás. A sociedade tende a ter unha visión simplista do labor dos veterinarios como meros médicos de animais, pero a realidade é moito máis ampla, polo que tentarei salienta os distintos eidos en que considero que a veterinaria, evolucionando paralelamente aos avances científicos e adaptándose aos novos tempos, contribuíu dun xeito determinante ao desenvolvemento de Galicia.

O veterinario como médico dos animais

Dende a Antigüidade, os chamados «albeites» eran as persoas que sabían tratar as enfermidades dos animais, e como a medicina daquela época tiña unhas bases fundamentalmente empíricas, a carencia de coñecementos científicos sobre as enfermidades que afectaban a persoas e animais suplíase coa mera observación da relación causa/efecto, a experiencia e a intuición.

Non é practicamente ata o século XIX cando se inicia a etapa científica, tras os descubrimentos de Pasteur sobre microbioloxía e zoonoses, especialmente os relacionados coas bacterias como causantes de enfermidades, que máis tarde



Representación dun albeite no seu traballo

darían lugar a todos os avances na prevención das enfermidades infecciosas mediante o desenvolvemento das vacinas, que lograron poñer freo a enfermidades tan terribles como a rabia, o carbuncho, a febre aftosa etc.

O veterinario no medio rural era o científico de cabeceira dos nosos gandeiros, un universitario imprescindible que chegaba a esas pequenas explotacións familiares situadas ao longo da nosa xeografía e resolvía os problemas que xurdiran (a vaca con mamite, o parto distócico, o porco co chamado «mal rojo», a hipocalcemia posparto etc.). Ao longo do tempo, certas técnicas cirúrxicas máis complexas como as cesáreas, os desprazamentos de abomaso... foron posibles, entre outras cousas, pola dispoñibilidade de antibióticos.

Co tempo, as pequenas explotacións familiares van desaparecendo e son substituídas por explotacións de maior tamaño, máis profesionalizadas e que habitualmente están adheridas a cooperativas ou a Agrupacións de Defensa Sanitaria Gandeira (ADSG) que dispoñen dos seus propios servizos veterinarios.



Aplicación de vacinas ou outros tratamentos

No relativo ao exercicio da clínica veterinaria de pequenos animais, o cambio nos últimos anos foi espectacular, pasouse de clínicas con medios moi precarios ou meros consultorios aos



Clínica de pequenos animais

modernos centros dotados das máis innovadoras tecnoloxías. Tamén hai que destacar o salto cualitativo que supuxo a regulación e desenvolvemento das especialidades veterinarias como a traumatoloxía, dermatoloxía, oftalmoloxía etc., que dotou as clínicas de persoal moito mellor formado.

Esta importante evolución das clínicas de pequenos animais, xunto co aumento exponencial do número de mascotas no noso país, fai que este sexa un sector en pleno auxe.

Os veterinarios e a zootecnia

É importante poñer en valor o papel dos veterinarios no medio rural en Galicia, pois actuaron como verdadeira punta de lanza científica que fixo chegar os máis modernos avances técnicos ata os lugares máis recónditos da xeografía galega, sempre a carón dos nosos gandeiros. Refírome non só ao control e profilaxe de enfermidades dos animais, senón tamén a técnicas tan innovadoras no seu día como a inseminación artificial ou, máis tarde, a transferencia de embrións, que representaron unha revolución no campo da zootecnia e a mellora xenética da gandaría, tanto das razas de produción de leite como de carne.

Como fillo de veterinario, lembro como na década dos 60 do pasado século meu pai recibía diariamente as doses seminais refrixeradas que lle enviaban nun autobús de liña dende o centro de recollida de seme e que utilizaba ao día seguinte no centro de inseminación artificial, a onde acudían os gandeiros coas súas vacas en celo.



Inseminación artificial de gando bovino

Máis tarde, coa consecución do seme conxelado en nitróxeno líquido, este procedemento fíxose máis fácil e cómodo, ao poder realizar as inseminacións nas propias explotacións e dispoñer dunha meirande variedade de seme de distintas razas e calidades.

Hai que recoñecer tamén o labor de Xenética Fontao, co seu Centro de Selección e Reprodución Animal de Galicia, que pon á disposición dos gandeiros doses seminais dos mellores sementais vacúns. Tamén dispón dun Laboratorio de Xenética Molecular, punteiro a nivel nacional, para

a prestación de servizos mediante a utilización da biotecnoloxía do ADN, aplicada tanto á sanidade e á produción agropecuaria como á identificación xenética e a análise de filiación, a rastrexabilidade da carne baixo certificación da indicación xeográfica protexida (IXP) e da denominación de orixe protexida (DOP) e o diagnóstico de animais portadores de anomalías xenéticas.

No referente á transferencia de embrións, hai que recoñecer o inmenso traballo realizado, entre outros, pola granxa de Mouriscade, dependente da Deputación de Pontevedra, que pon á disposición dos gandeiros embrións de alto valor xenético.

Unha mención especial require a actuación dos veterinarios na alimentación animal, que permitiu o desenvolvemento dun sector tan importante tecnolóxica e economicamente como o dos pensos compostos.



Recuperación de razas autóctonas de gando bovino.
Raza cachena

Os veterinarios e a sanidade animal

No século XIX e principios do XX, Galicia era unha rexión cunha enorme prevalencia de enfermidades como a tuberculose, tanto no gando como nas persoas, o que, unido a aspectos como as malas condicións hixiénicas das vivendas, a mala alimentación e o amoreamento en certos ámbitos como escolas, talleres etc., facía que a taxa de mortalidade por esta enfermidade fose enorme.

As campañas de saneamento gandeiro foron unha ferramenta moi eficaz para a loita contra enfermidades como a tuberculose e a brucelose, que hoxe en día están controladas grazas ao esforzo de centos de veterinarios dedicados a este fin e das autoridades responsables da sanidade animal, que puxeron os medios para o seu control.

No ano 2019, a provincia de Pontevedra foi declarada oficialmente libre de tuberculose bovina, o que a converteu na primeira provincia non insular en conseguilo. Dende o ano 2021, Galicia foi declarada oficialmente pola Comisión Europea como rexión libre de tuberculose bovina, o que a pon nunha posición de clara vantaxe comercial nacional e internacional, tanto no comercio de animais bovinos vivos como dos seus produtos.

Ademais, hai que lembrar os avances relacionados con outras zoonoses tan importantes como a rabia, que se logrou erradicar na Península Ibérica.

Non podemos esquecer o papel das ADSG, que rompen co tradicional individualismo dos nosos gandeiros e nacen co obxectivo de mellorar o estado sanitario das explotacións gandeiras, adoptando un programa sanitario común, que fai que as gandaría incluídas nas ADSG sexan menos vulnerables ás enfermidades obxecto de control habitual, como a rinotraqueíte infecciosa bovina (IBR), diarrea vírica bovina (BVD), neosporose, paratuberculose etc., pero tamén fronte a outras que puidesen aparecer, xa que contan cun mecanismo de protección



Campañas de saneamento gandeiro

común e programas de vixilancia continua que permiten intervir rapidamente ante o gromo dunha enfermidade.

Os Servizos Veterinarios de Sanidade Animal, adscritos á Consellería do Medio Rural, son os responsables do control oficial das explotacións e, especialmente dende a reestruturación dos Servizos Veterinarios Oficiais no ano 1994, fixeron un labor encomiable, controlando o cumprimento das normativas sobre condicións hixiénicas das explotacións, movementos dos animais, benestar animal, zoonoses etc.

Os veterinarios e a seguridade alimentaria

A partir do Neolítico, hai aproximadamente 10 000 anos, o home faise sedentario, comeza a criar animais e sacrificalos, producir parte dos alimentos que consome etc. Mediante a observación empírica, foi consciente de que o consumo de produtos como a carne de certos animais podía estar asociado á aparición de enfermidades, de aí que algunhas relixións prohibisen o consumo de carne dalgunhas especies ou de certas características. Así, na *Biblia* dise: «si el animal es ciego, si estropeado, si tuviese matadura o verrugas, o sarna, o empeines, no le ofrezcáis al Señor, ni hagáis quemar nada de él sobre el altar del señor» (Levítico, cap. XXI e XXII). E no *Corán*: «[...] os está vedada la carne mortecina, la sangre, la carne de cerdo, la del animal sobre el que se haya invocado un nombre diferente del de Dios, la del animal muerto a palos, de una caída, de una cornada, la del devorado parcialmente por las fieras, incluso si aún lo sacrificáis vosotros».

Xa na antiga Roma existía a figura dos funcionarios de inspección de alimentos (*aedili curuli*) e, na Idade Media, os chamados vedores de mercados, representantes da autoridade municipal, velaban pola hixiene dos alimentos. Tamén nesta época se crearon os primeiros matadoiros.

Dende hai moitos anos, os veterinarios asumiron responsabilidades como inspectores oficiais de alimentos e exerceron as súas funcións na Administración e como técnicos nas industrias alimentarias.

Os antigos veterinarios titulares, adscritos aos concellos, realizaron funcións como a inspección de mercados e prazas de abastos, as análises para o control da triquinose nas matanzas domiciliarias de porcino e na carne procedente de animais de caza, así como a inspección en matadoiros, tanto nos pequenos matadoiros municipais como nos industriais.



Seguridade alimentaria. Inspección de alimentos (carne)

Porén, coa reestruturación de 1994 e a comarcalización dos Servizos Veterinarios de Inspección de Saúde Pública, iniciouse unha nova etapa en que se realiza o control sanitario de industrias e establecementos alimentarios dun xeito sistemático, segundo unha frecuencia ligada ao nivel de risco do establecemento e marcada polo Plan Nacional de Control Oficial da Cadea Alimentaria (PNCOCA), ao que obriga a regulamentación da Unión Europea (UE). Estes controis inclúen tamén auditorías dos sistemas de autocontrol aos que están obrigados os operadores de empresas alimentarias como responsables de poñer no mercado alimentos seguros.

O control sanitario comprende aspectos tan importantes para a economía galega como as biotoxinas mariñas e o seu impacto no sector da produción e comercialización de moluscos bivalvos, así como o control de enfermidades de orixe alimentaria como a salmonelose, a listeriose e tantas outras, que son obxecto de plans de mostraxe oficial.

Un apartado especial merece o papel dos veterinarios tanto de Saúde Pública como de Sanidade Animal no control da encefalopatía esponxiforme bovina, que, a principios deste século, tivo unha repercusión mediática e na opinión pública que marcou un antes e un despois nas políticas de control dos alimentos da UE, ao considerar que o control da seguridade alimentaria afecta a toda a cadea alimentaria, dende a produción primaria ata as fases de transformación, distribución e comercialización dos alimentos.

Os veterinarios na Administración pública

En 1842 publicouse o Reglamento del Ayuntamiento de Madrid sobre a inspección dos alimentos de orixe animal, primeira regulamentación de inspección veterinaria que



Seguridade alimentaria.
Inspección de alimentos.
Prevención de enfermidades

se coñece e que inclúe as competencias dos veterinarios municipais no control sanitario non só de carnes, senón tamén do leite e o peixe.

Seguidamente, o recoñecemento do carácter sanitario da profesión terá un apoio oficial, mediante a publicación do Reglamento para las Subdelegaciones de Sanidad Interior del Reino, do 24 de xullo de 1848, no que se determina que as profesións incluídas no ramo da sanidade son: Medicina, Veterinaria e Farmacia.

Xa no século xx, co Reglamento Básico del Cuerpo de Veterinarios Titulares de 1906, queda constituído un modelo organizativo que, con lixeiros matices, se mantivo ata finais da década dos oitenta, tras a publicación do Reglamento de Personal de los Servicios Sanitarios Locales de 1953, que define as competencias funcionais de cada especialidade, representadas polos veterinarios, médicos, farmacéuticos, practicantes e matronas titulares.

Dende entón, distintas normativas a nivel nacional, como a Ley 14/1986, General de Sanidad, a Ley 8/2003, de Sanidad Animal, a Ley 44/2003, de Ordenación de las Profesiones Sanitarias (LOPS), e outras de ámbito autonómico, como a Lei 17/1989, de creación de escalas de persoal sanitario, a Lei 8/2008, de saúde de Galicia, etc., recoñecen claramente o carácter sanitario dos veterinarios dentro do grupo de profesionais sanitarios cun grao de licenciado e establecen, por un lado, as súas funcións xerais —coincidentes co resto de licenciados sanitarios, médicos, farmacéuticos e dentistas— e, por outro, as súas competencias específicas, que son:

- O control da hixiene e da tecnoloxía na produción e elaboración de alimentos de orixe animal.
- A prevención e loita contra as enfermidades animais, particularmente as zoonoses, así como o control do cumprimento da normativa de benestar animal.
- O desenvolvemento das técnicas necesarias para evitar os riscos que no ser humano poida producir a vida animal e as súas enfermidades.

En 1994, en resposta ás esixencias da UE en materia de saúde pública e de produción e sanidade animal, prodúcese a reestruturación dos servizos veterinarios oficiais, que integrou os veterinarios do antigo corpo de veterinarios titulares no corpo facultativo superior da Xunta

de Galicia, cuxas funcións, tanto no ámbito da Consellería de Sanidade como no da daquela Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, se definiron no Decreto 200/1991.

Actualmente os veterinarios que traballan na Administración da Xunta de Galicia son máis de 600, distribuídos entre as consellerías de Sanidade, do Medio Rural, do Mar e de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, o que reflicte o carácter multidisciplinario da profesión veterinaria.

Para rematar, quero salientar os retos de cara ao futuro aos que debemos dar resposta.

Cambios sociolóxicos como a globalización, a liberalización dos mercados e as migracións, así como aspectos derivados do cambio climático e a superpoboación do planeta, crean novas realidades que aumentan o risco de aparición de patóxenos emerxentes tanto nos animais como nas persoas.

O rol dos veterinarios ante as enfermidades emerxentes debe ser cada vez máis determinante, xa que en moitos casos estes patóxenos teñen a súa orixe nos animais, como é o caso dos coronavirus, da gripe aviar, da varíola do mono etc., o que pon de manifesto que cada vez é máis importante a coordinación e o traballo en equipo dos responsables da sanidade animal, a saúde pública e a sanidade ambiental baixo o concepto de *One Health* (unha soa saúde), que vai marcar o futuro do control da saúde integral do planeta.

Referencias bibliográficas

PONTE HERNANDO, F. (2016): *Contribución a la Salud pública y a la lucha antituberculosa de una figura olvidada: El Dr. D. Marcelino Ramírez García (1864- 1940). Veterinario Militar y Médico*. [Inédito]. Rexistro Xeral da Propiedade Intelectual, Xunta de Galicia. 03/2016/457. 300 pp.

PORTELA VÁZQUEZ, Alberto M. (2016): *Misión Gallástegui, la mejora genética agropecuaria*, Vigo, edición do autor.

A evolución dos estudos de veterinaria en Galicia

Alberto Manuel Portela Vázquez

Académico numerario da Academia de Ciencias Veterinarias de Galicia

Vicepresidente da Asociación Española de Historia da Veterinaria


A Real Academia Galega de Ciencias homenaxea o veterinario Juan Rof Codina como científico galego do ano 2022. É a segunda vez que tal recoñecemento recae na profesión veterinaria, pois en 2010 foi Cruz Gallástegui Unamuno, tamén veterinario e enxeñeiro agrónomo, quen recibiu tal mención. A Real Academia Galega de Ciencias considerou oportuno publicar un artigo sobre a evolución dos estudos de veterinaria en Galicia e deume a oportunidade de elaboralo, por ser veterinario e historiador; espero non defraudalos nesta tarefa.

Os estudos de veterinaria experimentaron un amplo proceso de modernización e lograron pasar dos conceptos empiristas da albeitaría a converterse en estudos universitarios cun plan formativo de contido verdadeiramente científico. Aos coñecementos tradicionais de anatomía e patoloxía médica e cirurxía engadíronse as correspondentes disciplinas básicas que hoxe se encadran nas ciencias da saúde, como a microbioloxía, a parasitoloxía ou a toxicoloxía.

Escola de Veterinaria de Santiago (1882-1924)

Santiago de Compostela a comezos do século XX tiña unha poboación media dunha pequena cidade de provincias da España da Restauración. Era o centro dunha extensa comarca agraria formada por pequenos propietarios e labradores. O perfil da elite dominante da cidade non estaba unido nin a grandes fortunas industriais nin á influencia de terratenentes ou grandes propietarios agrarios. Pola contra, a clase social que posuía poder e influencia en Santiago era a de pequenos e medianos rendeiros, algún banqueiro ou industrial con certo peso, moitos catedráticos universitarios e profesionais de formación superior, así como a curia episcopal, tan presente na cidade do Apóstolo.

Malia a súa innegable utilidade para o desenvolvemento agropecuario de Galicia, os estudos de veterinaria non se estableceron na rexión ata setembro de 1882, cando



Primeira sede da Escola de Veterinaria de Santiago no edificio de San Clemente

se implantaron en Santiago de Compostela, co catedrático de farmacia Antonio Casares y Rodrigo como reitor da universidade.

Os primeiros locais da Escola de Veterinaria de Santiago estaban no edificio de San Clemente, hoxe Instituto Rosalía de Castro. Este inmoble, que foi a primeira sede dos estudos de veterinaria en Galicia, sería posteriormente compartido con outras entidades, como a Sociedade Económica de Amigos do País ou

a Escola de Artes e Oficios, e máis tarde coa Facultade de Dereito, que foi trasladada alí de forma provisional polas obras de reforma do edificio universitario. Mesmo con estas limitacións de espazo, a Escola de Veterinaria continuou funcionando e, tras vir arrastrando unha existencia penosa, un proxecto persoal de Montero Ríos daríalle un novo impulso. Este non era outro que a construción dun edificio *ad hoc* onde o centro puidese ampliar e desenvolver con garantías o seu programa educativo.

A inauguración das obras da nova Escola de Veterinaria tivo lugar o 25 de marzo de 1903. Tras o acto simbólico que colocaba a primeira pedra do edificio, empezou a construción do novo centro educativo no Pazo do Hórreo. Neste período, o director da Escola era o catedrático García Suárez, que cumpría á perfección co prototipo social e profesional da elite dominante da cidade, persoa dedicada ao mundo universitario.

Doce anos despois do inicio das obras de construción, o 2 de outubro de 1915 inaugurábase a nova sede da Escola de Veterinaria. O acto provocou grande expectación e a el concorreron os diversos estamentos da sociedade compostelá e as altas responsabilidades da veterinaria.

A Escola de Veterinaria de Santiago creouse á imaxe e semellanza da École d'Anatomie d'Alfort de Diet, en París. A súa construción non só supuxo a incorporación dunha

innovadora arquitectura, senón que contribuíu decisivamente ao desenvolvemento da Compostela extra muros e actuou como foco imantador e directriz do novo sistema urbano da cidade. O complexo ocupaba unha extensión de 65 544 metros cadrados, dos cales o arquitecto dedicou 7424 para a edificación (116 metros de fachada e 64 metros de fondo) e o resto para patios, un xardín botánico e unha granxa experimental. O edificio constaba de dous pisos.

No piso baixo tiña dez cortes para 44 cabezas de gando; seis cuartos destinados ao gando menor, para 56 cabezas; amplos locais destinados a anatomía, consulta clínica, sala de operacións, hidroterapia, leitaría e preparación de alimentos; unha conserxaría e cuartos para alumnos internos. No piso superior había 36 locais destinados a cátedras, bibliotecas, laboratorios, museos, oficinas, secretaría, arquivos, dirección, salón de actos, sala de profesores etc. Nos edificios secundarios, dous pavillóns de 128 metros cadrados cada un, para o departamento de enfermidades infecciosas; e outro de 374 metros para ferradoiro e fragua, con depósitos de auga, baño para animais etc. (Rodríguez 1994).

O antigo plan de estudos de 1871 foi reformado por proposta do ministro de Instrución Pública e Belas Artes, Santiago Alba. A súa maxestade o rei Afonso XIII ditou o Real decreto do 27 de setembro de 1912 (*Gaceta de Madrid* nº 272, 28 de setembro de 1912), no que desenvolvía o novo plan académico. A carreira comprendía daquela vinte disciplinas, que se distribuían en cinco cursos, con moitas similitudes nas materias cos actuais plans de estudo.

Ao longo da historia da Escola de Santiago, o número de alumnos foi baixo en comparación con outros centros. Procedían, na súa maioría, do medio rural e o maior continxente de estudantes era de Galicia, sen participación feminina. A Escola de Veterinaria



Pazo do Hórreo, inaugurado en 1915 como Escola de Veterinaria de Santiago de Compostela

nacera máis como froito de xestións políticas que por reclamación das propias provincias galegas. O seu principal promotor, Montero Ríos, propuxo remedios aos problemas do campo galego dunha maneira moi acertada, pero a sociedade non estaba preparada para entender —e aínda menos apoiar— aquela visión reformista da Galicia rural.

Os lazos entre a Cámara Agrícola e a Escola de Veterinaria eran moi estreitos; así, varios dos seus profesores participaban ao tempo como socios e directivos. As dúas institucións colaboraron mutuamente na convocatoria de diversos concursos



Ordenación orixinal da parcela segundo os planos de distribución de Antonio Bermejo Arteaga, 1903. A. Edificio principal. B. Dous pavillóns de planta baixa destinados a clínicas de enfermidades contaxiosas. C e F. Pavillón de planta baixa: ferradoiro e fraguas. D. Pavillón de planta baixa destinado ao baño de ruminantes e grandes solípedes. E. Patios.

gandeiros e en numerosas actividades agrícolas. Cando as limitacións orzamentarias da Escola imposibilitaron a compra de gando, a Cámara puxo á súa disposición animais de campo para as prácticas, coa finalidade de que se instalase nela unha estación pecuaria que proporcionase interesantes servizos aos gandeiros da rexión. Tan grande era o vínculo

que os conflitos corporativos do centro universitario repercutían no funcionamento da Cámara. Un bo exemplo desta circunstancia témolo cando parte do claustro aprobou a supresión da citada estación pecuaria, fronte á oposición precisamente dos profesores socios da Cámara Agrícola.

Os enfrontamentos entre os dous bandos foron constantes e as disputas acentuáronse co tempo. O desgobierno existente no claustro da Escola polas loitas internas entre o profesorado desembocou, a finais de 1918, na dimisión do director do centro, Tomás Rodríguez, o que obrigou ao ministro de Instrución Pública, Julio Burell, a nomear unha xunta xestora na Escola, baixo a tutela do médico Leopoldo Salgués, socio e nalgún momento directivo da Cámara Agrícola. A drástica decisión deu lugar a unha forte contestación sen precedentes na prensa veterinaria e a numerosas protestas de profesores da universidade, que vían na medida un ataque contra a propia autonomía universitaria. A orde afectaba exclusivamente ao centro compostelán e constituía unha



Juan Rof Codina

desautorización do seu claustro, pero, a pesar das abundantes protestas, a Escola será rexida desta maneira ata a súa temida, triste e próxima desaparición.

No ano 1921 xorde a lamentable iniciativa de converter a Escola de Veterinaria de Santiago en cuartel. Os medios informativos reaccionaron enerxicamente contra semellante medida e reclamaron axuda a todos os sectores sociais contra ese desgraciado proxecto. O activo veterinario Juan Rof Codina, coñecedor dos graves riscos que estaban axexando, chamaba a revitalizar a Escola e expresaba o seu sentir en *Acción Social* 60 (15-05-1921) con estas palabras:

Ningún pueblo ha progresado ni progresará porque aumenten en una o más unidades regimentales su guarnición militar; pero en cambio todo centro de enseñanza, de estudio, de investigación o experimentación, más tarde o más temprano rinde sus frutos y produce la transformación del país que se perseguía con su creación.

Os primeiros ataques á institución puideron ser bloqueados, pero o perigo era inminente. Ante a alarmante situación, a Cámara atopouse na tesitura de desempeñar un papel clave nos desesperados esforzos finais por salvar a Escola de Veterinaria da suspensión de actividade. O escaso número de alumnos convertíaa en candidata á súa desaparición en épocas de recortes orzamentarios, malia a importancia do sector gandeiro da rexión.

Táboa 1. Número de alumnos nas escolas de veterinaria no período 1920-1924

Escolas	Madrid	Córdoba	Zaragoza	León	Santiago	Total
1920-1921	294	368	189	337	116	1304
1921-1922	218	336	188	87	96	925
1922-1923	187	266	136	291	29	909
1923-1924	157	101	98	70	16	442

Na táboa 1 reflíctense as diferenzas existentes no número de estudantes inscritos por escolas, segundo os datos extraídos dos anuarios estatísticos nacionais.

O descenso do alumnado pódese relacionar coa escasa valoración social da profesión veterinaria e coa extensión da perigosa intrusión profesional, que limitaba o futuro laboral dos novos licenciados. Ademais, outros intereses, xa fosen políticos, militares ou financeiros, provocaron o rumor nas rúas sobre o posible peche da entidade. Este medo

á inestabilidade ocasionou que a matrícula da Escola de Santiago caese en picado, ante a incerteza que atravesaba a institución e as serias dúbidas sobre a súa continuidade. De feito, no último curso só se rexistraron dezaseis alumnos: nove oficiais e sete de ensino libre (táboa 2). Na memoria histórica dos composteláns quedaría a anécdota dos bedeis invitados a matricularse para aumentar a cifra de estudantes e, desta maneira, xustificar a comprometida existencia do centro (Rodríguez 1994).

Táboa 2. Alumnos nas escolas de veterinaria no curso 1923-1924

Escolas de veterinaria	Madrid	Córdoba	Zaragoza	León	Santiago	Total
Alumnos oficiais	82	44	57	32	9	224
Alumnos non oficiais	75	57	41	38	7	218
Alumnos totais	157	101	98	70	16	442

A drástica decisión non tardou en chegar: o Directorio Militar, presidido polo xeneral Primo de Rivera, co pretexto das restricións económicas, promoveu o peche do centro. O 1 de xullo de 1924, mediante decreto, suprimíase a Escola de Veterinaria. Os profesores pasaron á situación de excedencia forzosa e cesaron dos cargos que viñan desempeñando. Os alumnos puideron examinarse de modo extraordinario na convocatoria de setembro na Escola de Veterinaria de León.

Malia os grandes eloxios e loanzas cos que a prensa rexional e a sociedade en xeral acolleron a construción do novo centro, nove anos máis tarde a súa actividade académica finalizaba.

Durante os anos en que permaneceu aberta a Escola de Santiago (1882-1924), foi a entrada de moitos catedráticos brillantes; nomes como os de Pedro Aramburu y Altuna (o seu



Cruz Gallástegui Unamuno

primeiro director), Tiburcio Alarcón y Sánchez-Muñoz, Ramón García Suárez, Tomás Rodríguez, Pedro González, Demetrio Galán, Abelardo Gallego, Cristino García, José Martín, José Morros, Eduardo Respaldiza, Crisanto Sáenz, Juan Téllez e outros moitos asociáronse nalgunha etapa da súa vida a esta escola.

Polas súas aulas tamén pasaron alumnos ilustres, como Luis García de Blas (que acadou o rango de xeneral veterinario), Javier Prado Rodríguez (*Lameiro*), Ramón Turró i Darder ou Cruz Gallástegui Unamuno, por citar os máis destacados. Xustamente, este último foi o primeiro director da Misión Biolóxica de Galicia, centro fundado en 1921 e cuxa primeira sede se situou nun local da propia Escola de Veterinaria, onde permaneceu sete anos. Moito lle debe

agradecer Gallástegui á veterinaria e, en concreto, ao novo centro docente. De feito, un problema importante que o acompañará ao longo de toda a súa vida e que debeu afrontar nada máis comezar a súa carreira profesional foi que o seu título académico non estaba homologado no territorio español. Nunca puido converter en títulos nacionais os saberes innovadores aprendidos nas institucións pioneiras a nivel mundial da xenética, e isto estaba a causarlle graves problemas burocráticos. Por iso, Cruz Gallástegui realiza os estudos de Veterinaria na Escola de Santiago, animado polos numerosos profesores que gozaban da súa amizade, en especial da man do catedrático de Histoloxía Abelardo Gallego. Entre eles xurdiu unha grande afinidade e admiración mutua, que comezou coa creación da Misión Biolóxica, cando o profesor Gallego xestionou a autorización necesaria para realizar as primeiras experiencias de botánica e fitoxenética no xardín da Escola.

Despois de pechar a Escola, as magníficas instalacións do edificio foron ocupadas polo Rexemento de Artillaría de Campaña nº 28 e pasaron a depender do Ministerio de Guerra, no medio dunha inactiva sociedade galega presta a aclamar o ditador pero muda ante tal espolio.

Neste proceso, diferentes autores poñen de manifesto a existencia de certo conformismo ou apatía por parte da comunidade galega ante a devandita supresión. Porén, baseándonos nos datos hemerográficos atopados, son moitas as mostras no conxunto da sociedade que demostraron preocupación pola desaparición da Escola. De feito, foi común a aparición de reivindicacións nos periódicos locais e nas conclusións dos diferentes congresos ou asembleas.

PARADOXAS

Por MASIDE



—¿Por qué pensas if que nos quitaron a Escola de Veterinaria? ...
—Por ser burros.
—E por eso nos faguía mais falla.

Viñeta de Carlos Maside na que criticaba a supresión da Escola de Veterinaria

Así, a prensa de liña galeguista como *El Pueblo Gallego*, daquela o diario de maior impresión de Galicia, reflexionaba sobre o que suporía a perda da Escola para a área compostelá. Tamén artistas consagrados como Carlos Maside criticaban ironicamente coas súas viñetas o peche do centro docente.

O Pazo do Hórreo, que fora construído para albergar a Escola de Veterinaria e os seus servizos anexos, tales como a estación pecuaria e a granxa agrícola de experimentación, converteuse durante moitos anos en cuartel. Desde o 1 de marzo de 1989 é a sede do Parlamento de Galicia, despois de ser rehabilitado e restaurado.

Unha segunda oportunidade: Facultade de Veterinaria de Lugo

Tras anos de silencio, en 1932 realizáronse os primeiros intentos para reinstaurar a Escola de Veterinaria de Galicia. Por un lado, o presidente da Deputación de Pontevedra propoñía que se situase en Santiago de Compostela; porén, por outro lado, o presidente da Asociación Patronal de Lugo e os alcaldes de Xermade e Lourenzá propoñían que a súa localización fose en Lugo, mais ambas as peticións foron denegadas polo Consello de Instrución Pública.

Galicia tivo que esperar 59 longos anos para que se lle volvease conceder un centro dedicado aos estudos de veterinaria, aproveitando que en 1982 se incorporaban cinco novas facultades ás catro existentes —que podemos denominar «clásicas»—, que eran as de Madrid, Córdoba, León e Zaragoza.

En 1983 concédese unha Facultade de Veterinaria a Galicia, e é o presidente da Deputación Provincial de Lugo quen reclama o novo centro para a cidade amurallada. Nese mesmo ano a Xunta de Goberno da Universidade designa unha comisión encargada de elaborar un informe socioeconómico sobre as cidades que aspiran a ser sede. Dúas das tres opcións desta comisión sitúan a Facultade de Veterinaria en Lugo. O 17 de marzo a Xunta de Goberno da Universidade decidiu por un voto de diferenza —11 Lugo e 10 Santiago— que a facultade se situase en Lugo, o que significou a descentralización universitaria.

O 12 de novembro de 1983 toma posesión como primeiro decano da Facultade de Veterinaria de Lugo (FVL) o profesor Gonzalo Cordero, data que coincidiu co anuncio por parte do presidente da Deputación Provincial da construción dun edificio propio para este centro, que ata o momento compartía instalacións co Colexio Universitario.

O 13 de setembro de 1984 abriu o prazo de matrícula, cun número final de 665 inscritos, e as clases comezaron o 5 de novembro. Esta avalancha de alumnos, xunto coa desconformidade coa política do equipo reitoral, provocou a dimisión do decano Gonzalo Cordero.

Sen dúbida, o novo centro é unha continuación da antiga Escola de Santiago, que formou profesionais durante os seus 42 anos de historia, entre 1882 a 1924, momento en que se viu obrigada a pechar as súas portas. Con todo, existen notables diferenzas entre ambos os centros, como é o gran compromiso e implicación que a sociedade galega adquiriu coa nova facultade, consciente dos grandes avances que supoñen os estudos de veterinaria para o desenvolvemento agropecuario da nosa rexión.

O proxecto das novas instalacións inspirouse nas facultades de veterinaria de Utrecht, Nantes e Toulouse e culminou en 1989, cando se inauguraron as novas instalacións da FVL.

O 19 de maio de 1994 constitúese a Fundación Rof Codina, que se encargará do funcionamento do Hospital Clínico Veterinario Rof Codina (HCV-RC), con fins de colaboración docente e investigadora coa FVL e tamén como centro prestador de servizos. No padroado desta fundación atópanse a Xunta de Galicia, a Deputación Provincial de Lugo, o Concello de Lugo e a Universidade de Santiago de Compostela.

O Hospital Veterinario Universitario Rof Codina (HVU-RC) exerce as funcións de hospital docente ao abeiro do convenio establecido entre a Universidade de Santiago de Compostela e a Fundación Pública Galega Rof Codina. Atópase anexo á Facultade de Veterinaria de Lugo e ocupa unha superficie de 7000 metros cadrados, 3000 deles



Facultade de Veterinaria de Lugo

destinados a consultas, hospitalización de pequenos animais e infraestruturas asistenciais necesarias, como quirófanos e servizos de diagnóstico, mentres que os 4000 restantes corresponden ao Centro de Biomedicina e Veterinaria (CEBIOVET), que acolle as instalacións de investigación, illamento e hospitalización de grandes animais.

O centro asume a función de mellorar a actividade docente e investigadora da facultade e tamén realiza un labor asistencial de alta calidade dirixido a veterinarios e propietarios de animais. Esta tarefa non só se leva a cabo no hospital, senón que tamén se realiza de maneira ambulante en explotacións pecuarias.

A titulación en Veterinaria presenta unha característica diferencial, ao ser a primeira en Europa que se someteu a avaliacións periódicas da calidade da súa docencia por parte dun organismo en que a Unión Europea delegou este tipo de accións. Trátase da Asociación Europea de Facultades de Veterinaria (European Association of Establishments for Veterinary Education, EAEVE), cuxos obxectivos son, entre outros, promover, desenvolver e harmonizar a educación veterinaria e dirixir o Sistema Europeo de Avaliación das Ensinanzas Veterinarias.

A EAEVE sustenta un sistema de avaliación das facultades polo que son sometidas a valoracións periódicas nas que deben demostrar que os seus programas (teóricos e prácticos) cobren os requisitos esixidos; trátase de garantir unha homoxeneidade no ensino. Os centros que superan esta avaliación son incluídos nunha listaxe que recoñece a validez da súa titulación a nivel europeo, o que garante a libre circulación dos seus titulados por todos os países membros da UE. No caso da facultade lucense, en marzo de 2002 foi incluída na listaxe de centros avaliados e aprobados da EAEVE, onde continúa na actualidade.

Hoxe, a Facultade de Veterinaria de Lugo conta cun gran prestixio, ten 660 estudantes, dos cales o 70 % son mulleres, e dispón de 78 docentes a tempo completo e 22 a tempo parcial.

Como di o lema das facultades de veterinaria: *Hygia pecoris, salus populis*, «a saúde do gando é a saúde do pobo». A profesión veterinaria está vinculada á sanidade animal e ao coidado da saúde pública; así, o concepto *One Health* supuxo un apoio aos veterinarios, ao volver situalos como un elemento clave para manter a saúde global, entendida como unha única saúde tanto das persoas como dos animais e do medio ambiente.

Referencias bibliográficas

- PORTELA VÁZQUEZ, Alberto M. (2016): *Misión Gallástegui, la mejora genética agropecuaria*, Vigo, edición do autor.
- RODRÍGUEZ GARCÍA, M. (1994): *Historia da Escola de Veterinaria de Santiago (1882-1924)*, Santiago de Compostela, Universidade.

Rof Codina e a raza bovina rubia galega

Laura Arias

Secretaria executiva de ACRUGA

A raza rubia galega é, sen dúbida, un dos maiores sinais de identidade de Galicia. É un elemento clave para entender a economía, a cultura popular ou a vida diaria da nosa comunidade. O proceso de selección e mellora xenética da raza é unha historia de séculos, e nesta historia Rof Codina foi un dos personaxes máis relevantes de todos os tempos.

Podemos dicir que a raza rubia galega se implantou en Galicia nos albores da protohistoria. Durante o Medievo defínese como unha raza rústica, pequena e montaraz. É a partir do século XVI, coa chegada a España de cultivos como o millo e a pataca, cando os animais pasan a ter un tamaño considerable e a ser unha raza con tripla aptitude: traballo, leite e carne. A partir deste momento convértense nun piar fundamental para o mundo rural, ao ser o motor para o traballo agrícola e proporcionar leite para o consumo familiar e carne que, coa súa venda, permitía atender outras necesidades.

É a finais do século XVIII cando a rubia galega comeza a considerarse como unha raza sarcopoiética e cando se inicia unha selección de cara á produción de carne para abastecer un mercado nacional que demanda o que se denomina «cebón galego».

Existe constancia de que en 1913 se celebra en Madrid o III Concurso Nacional de Gando, no que se conceden por vez primeira premios á raza galega, pero non é ata 1916 cando Rof Codina publica a primeira monografía sobre a raza, na que fai unha descrición obxectiva dela con datos biométricos, o que permite comezar coa mellora dos animais segundo un estándar racial determinado, que anos despois (1933) dará lugar ao *Libro Genealógico de la raza Bovina Gallega*. A Dirección Xeral de Gandaría estableceu o estándar racial e creou o regulamento oficial dos libros xenealóxicos; é a partir deste momento cando comeza a chamarse rubia galega.

Na súa monografía *La raza bovina gallega* descríbese como unha raza de tripla aptitude con características ideais para a produción de carne.

Podemos dicir, polo tanto, que Rof Codina foi un dos pais da mellora da raza rubia galega, xa que os seus traballos e publicacións foron os principais desencadeantes da mellora xenética que convertería a nosa raza na mellor raza cárnica do territorio, sentándose as bases do que, despois dun longo proceso, daría lugar á raza actual, con animais con excelentes aptitudes maternais, un ritmo de crecemento moi alto, un elevado rendemento dos seus canais e unha calidade de carne altamente apreciada en todo o mundo.

Son tamén animais cunha elevada capacidade de adaptación, o que, xunto coa súa elevada fertilidade, converte esta raza en altamente rendible.

Rof Codina foi, ademais, un importante promotor dos concursos da raza e participou como organizador en moitos deles.

Podemos asegurar, polo tanto, que Rof Codina, co seu labor a favor desta raza, xunto con outras achegas de sobra coñecidas que fixo ao mundo gandeiro da súa época, conseguiu evitar a desaparición da raza rubia galega e favorecer a súa expansión e mellora.

Referencias bibliográficas

ROF CODINA, J. (1916): *La raza bovina gallega*, Madrid, Imprenta de Alrededor del Mundo. [Memoria premiada pola Asociación General de Ganaderos].



Concurso de gando, ano 1958



Concurso de gando, ano 1959



Vacas rubias galegas actuais



Fidalgo AG, toro de inseminación artificial

